

**CONCERTO DOCUMENTAL**

**eimontforte**  
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

**“O REGUEIRO” NA**

**ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS  
DE MONFORTE**



XOVES, día **5/10/2017** as **11.30h** ata 12.30h

e as **18.00h** ata 19.00h

**ABERTO A TODO INTERESADO**

## "O REGUEIRO" NA

# ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE MONFORTE

"O regueiro" é o nome dun concerto documental de Pilo Sierra e L.A.R. Legido, unha performance video-musical na que ilústrase e rememórase a historia de Consuelo Rodríguez López, Chelo, guerrilleira e muller de absoluto compromiso e dignidade, última supervivinte dunha familia duramente represaliada, co asinamento de seis de seus membros, nos anos da postguerra.

Coa ambientación sonora de L.A.R. Legido, na batería e obxectos musicais, a poesía e a voz de Pilo Sierra, e a proxección de audiovisuais -intercalando tamén entre as pezas musicais a testemuña poderosa da propia Chelo-, constrúese un espectáculo de moita fondura emotiva, anovador no seu concepto e necesario no seu contido. "O regueiro" é unha homenaxe a persoa de Chelo, e tamén a todas as mulleres silenciadas, que desenvolveron un papel moi relevante naquela sociedade, tamén no político e no combativo, e que mesmo chegaron a participar da guerrilla armada, ademais de apoiala dende outras labores na clandestinidade. Mulleres que foron dobremente represaliadas, por ser desafectas ao rexime dictatorial, e pola súa condición feminina.

O espectáculo atopa súa semente no documental "As silenciadas", do director Pablo Ces, ao que pertencen a maior parte dos materiais audiovisuais empregados. Dito documental, premiado co Mestre Mateo a mellor documental de 2011, baséase a súa vez no guión e investigacións de Aurora Marco, que no seu libro "Mulleres na guerrilla antifranquista galega", recolle dúzias de historias de mulleres e familias, como a de Chelo, marcadas por ideais que tornaron en ser a condea dunhas vidas que atravesaron os camiños do cárcere, a tortura física e psicolóxica, o exilio, e en moitos casos a morte.

Pilo Sierra, autor xa da banda sonora instrumental do documental "As silenciadas", sinte a través deste traballo a necesidade, como mostra de gratitude, de poñerlle voz aos sentimentos de mulleres como Chelo, que seguen a ser un poderoso exemplo de dignidade e loita, nun país que non deu, aínda, en desagravar a tantas vítimas dunha violencia inxusta. A nosa homenaxe é cantar a súa historia, e convocar un ritual no que préstase voz e música ao seu sufrir, mais tamén ao seu coraxe, a súa forza, a súa entereza, e ao seu amor.